



Servizo de Persoal Docente e Investigador

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Reitoría
Rúa Maestranza, s/n
15071 A Coruña
Tel.: 981 167 000 Ext. 1162
servizo_pdi@udc.es

Resolución do 7 de novembro de 2024 da Universidade da Coruña pola que se nomea Profesor Titular de Universidade da área de coñecemento de Química Orgánica a Francisco Fernández Trillo.

De conformidade coa proposta da Comisión designada para vulgar o concurso de acceso que convocou esta universidade por Resolución do 27 de xuño de 2024 (BOE do 8 de xullo de 2024), para a provisión da praza número 24/003 de Profesor Titular de Universidade da área de coñecemento de Química Orgánica, departamento de Química desta universidade, a favor de Francisco Fernández Trillo, con DNI núm. ***9872** e unha vez que a persoa interesada acreditara os requisitos establecidos na convocatoria.

Esta Reitoría, no uso das atribucións que lle confire o artigo 50 da Lei 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario e demais disposicións que a desenvolven, resolveu nomear a Francisco Fernández Trillo, Profesor Titular de Universidade da área de coñecemento de Química Orgánica, departamento de Química desta Universidade.

No prazo máximo de vinte días, a contar desde o día seguinte á publicación deste nomeamento no "Boletín Oficial do Estado", a persoa candidata deberá tomar posesión do seu destino.

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderá interpoñer un recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE de 2 de outubro de 2015).

A Coruña, 7 de novembro de 2024

A Vicerreitora de Profesorado

Por delegación do reitor (10/07/2024)

María Teresa López Fernández

Código Seguro De Verificación	u7q99Trbosc0Pw5Gj/I5Hg==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerreitora de Profesorado - María Teresa López Fernández	Asinado	07/11/2024 10:06:50
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/u7q99Trbosc0Pw5Gj/I5Hg==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

